

**ACTA NÚMERO 04/09**  
**XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO**  
**E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

ASISTENTES

**POLA DIRECCIÓN:**

D. CARLOS EIREA EIRAS  
D<sup>a</sup>. SUSANA ALDECOA LANDESA  
D<sup>a</sup>. PILAR RIBEIRO MARTINEZ  
D<sup>a</sup>. PILAR PINTOS MARTINEZ  
D<sup>a</sup>. CARMEN SIERRA QUEIMADELOS  
D<sup>a</sup>. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ  
D<sup>a</sup>. BELEN VAZQUEZ PACHECO

**POLA COMISIÓN DE CENTROS:**

D. XOSE LOIS MARTINEZ FEDZ-CSI-CSIF  
D. CARLOS VARELA VIGO- CSI-CSIF  
D<sup>a</sup> HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CESM  
D. MANUEL NIETO PEREIRA-CESM  
D<sup>a</sup>. CARMEN GARCIA RIVAS-SATSE  
D<sup>a</sup>. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-SATSE  
D<sup>a</sup>. ALAZNE ACHALANDABASO CUBA-UXT  
D. JOSE A. PERIANES RODRIGUEZ-CC.OO.  
D<sup>a</sup>. ARACELI LOUREIRO SOUSA-CC.OO.  
D<sup>a</sup>. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS  
D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA-CIG  
D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG  
D<sup>a</sup>. BEGOÑA PEITEADO GARRIDO-CIG  
D<sup>a</sup>. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-SAE  
D<sup>a</sup>. MANUEL FRAGOSO ULLA-SAE

En Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dous de abril de dous mil nove, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

**-- ORDE DO DÍA --**

- 1.- Plan mellora: prazas de médico que vanse a ofertar.
- 2.- Vacacións: Solicitud por días hábiles e obriga de incluír un sábado no seu cómputo.
- 3.- Unidades de Fisioterapia en Coia e Nicolás Peña: ¿Por qué non hai auxiliares de enfermaría?.
- 4.- Transformación de prazas do extinto PAC Moaña en prazas PAC Cangas-Moaña.
- 5.- Revisión presenzas sábados mañá Vigo

CUESTIÓN PREVIA: REDACCIÓN ORDE DO DÍA, PIDEN RESPECTO DA LITERALIDADE DA REDACCIÓN.

Dende sempre tratamos de que se abordasen os puntos que a Comisión de Centros considerase oportunos, só cambiamos expresións que aparecen reflectidas como opinións. Non modificamos os punto en si mantendo o enunciado.

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA REUNIÓN ANTERIORES.

Non existindo alegacións, apróbanse as actas 9/08, 1/09, 2/09 e 3/09 das reunións celebradas os pasados 9 de decembro de 2008, 19 de xaneiro, 9 de febreiro e 9 de marzo 2009, respectivamente.

PUNTO PRIMEIRO.- PLAN MELLORA: PRAZAS DE MÉDICO QUE VANSE A OFERTAR.

- XERENTE: Como comentamos na anterior Comisión de Centro, fixeramos en febreiro unha activación de prazas plan mellora. Trasladámoslo a División Xeral de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e a División Xeral de Asistencia Sanitaria, onde nos fixeron recomendacións para un mellor axuste orzamentario.

Decidimos manter:

- ⇒ as 13 prazas de médicos para non perder residentes que terminan e ao tempo non producir descubertos nos PACs.
- ⇒ As prazas de enfermería quedan en 4, que sumadas ás 11 previas quedan en 15, número similar ás de médicos.
- ⇒ As 2 prazas de auxiliar de enfermería
- ⇒ 1 praza de traballador social
- ⇒ 2 prazas de PSX
- ⇒ 1 praza de odontólogo
- ⇒ 2 prazas de hixienista dental.

As prazas prevense para a contorna do 20 de abril.

Os PACs poderían quedar coas primeiras estimacións con 3 vacantes, que sumadas as baixas longas, e reforzos de verán darían un colchón suficiente para os residentes en maio, e manter a estabilidade.

Tivemos unha segunda reunión cos residentes onde lles pedimos que verbalizasen se algún tiña claro que se ía e ninguén se manifestou nese sentido.

- CEMS: Prevés que se movan poucos médicos de PAC, e que os residentes entren nestas prazas.
- XERENCIA: Non, estas ocuparíanas os actuais substitutos de baixas longas.
- CC.OO.: Con respecto ás prazas do plan mellora de auxiliares de enfermería son todas.
- XERENCIA: Non, hai mais prazas (xubilacións, vacantes previas). Temos un presuposto cun volume de cartos por praza, independente da praza.
- SATSE: Impórtanos que sexan de nova creación
- XERENCIA: Dá igual porque o orzamento non desaparece.
- CC.OO.: Para nós é preocupante porque depende que quen xestione no futuro, poida que alguén nun mes nos diga que é plan mellora.

Pedimos que se nos dea a situación de prazas distintas a plan mellora.

- XERENCIA: Querémolo dar cando a situación estea completamente clara e saibamos que a situación é exactamente así. Dirémosvos como é cada prazas: Plan Mellora, xubilación, etc...
- D.XESTIÓN: Estas prazas son contra as de Medico de Familia e Pediatra do 2008, porque aínda non podemos dispor das do 2009. No entorno de finais de ano temos que transformar de novo as prazas, rebatelas

Tamén imos adiantar prazas de PSX, Odontólogo, Fisioterapeuta, etc. só temos prazas de Medico Familia e Pediatra.

- SATSE: Chama a atención que co incremento de Medico de Familia en Doblada, non se confirme o incremento de enfermería. En cambio Casco Vello por TIS.
- D.XESTIÓN: En Casco Vello vaise a incrementar os usuarios, en Doblada non se incrementan os usuarios

Démolle vinte voltas, é probable que quede así. Tamén é probable que nun tempo breve, increméntese na Doblada, o que tivemos que decidir foi onde se incrementaba antes.

- CIG: ¿Porque prazas de tarde?
- XERENCIA: Porque non temos espazo para crealas de mañá. Gondomar é dos ratios máis altos.

A Clave estará en sacar eses prazas na OPE deslizantes (xúntase folla)

- SATSE: Pediríamos que na sala de extraccións de Gondomar se poñan andeis.
- XERENCIA: De acordo

**PUNTO SEGUNDO.- VACACIÓNS: SOLICITUDE POR DÍAS HÁBILES E OBRIGA DE INCLUIR UN SÁBADO NO SEU CÓMPUTO.**

- PRESIDENTE C.C.: Queremos saber se hai cambios na inclusión do sábado no computo como noutras xerencias.
- XERENTE: Non prevemos cambios. Se é por días hábiles, 22 inclusive un sábado.

**PUNTO TERCEIRO.- UNIDADES DE FISIOTERAPIA EN COIA E NICOLÁS PEÑA: ¿POR QUÉ NON HAI AUXILIARES DE ENFERMARÍA?**

- PRESIDENTE C.C.: Na reunión da Dirección Provincial falaches de incluír PSX no canto de auxiliares de enfermería no Nicolás Peña. Queremos que nos explique se se están liquidadas as dificultades.
- XERENCIA: Non contan aínda con auxiliares de enfermería porque a actividade é pequena.
- SAE: Os PSX non son persoal sanitario. Ademais decatámonos tarde mal e a rastro. E hai moito paro. Non hai unidades de fisioterapia sen auxiliares de enfermería.
- D.ENFERMERIA: Nicolás Peña xa ten auxiliar de enfermería. Falouse co Hospital xa que a unidade do hospital ten PSX. Non hai en Coia.
- CEMS: Vanse engadindo centros de referencia.
- D.ASISTENCIAL: Incorpóranse os centros paulatinamente con presentación previa dos fisioterapeutas nos centros dos protocolos. Existe unha zonificación. Enviarase.

**PUNTO CUARTO.- TRANSFORMACIÓN DE PRAZAS DO EXTINTO PAC MOAÑA EN PRAZAS PAC CANGAS-MOAÑA**

- D.XESTIÓN: Fai catro anos transformaron os PACs de Cangas e Moaña nun único PAC CANGAS-MOAÑA. Pero houbo prazas que quedaron asignadas aos antigos PACs e cumpre reconvertelas.  
Queremos cumprir o tramite previo da información á Comisión de Centro, previo ao cambio de contrato.
- CC.OO.: ¿Porque esperamos tanto?
- D.XESTIÓN: Porque intentamos tocar aos que non querían moverse. Pero agora son os propios compañeiros quen reclaman.
- XERENTE: Convén aclarar que cando decidimos unificar Cangas-Moaña xa o discutimos. Tamén decidimos que nos calendarios procuraríamos que cada un quedase no calendario do que proviña.

- SECRETARIO C.C.: ¿Iso implica cambio nas carteleiras?
- D.XESTIÓN: En principio queda igual, sería en axustes puntuais. A proposta é manter á xente na situación actual.
- CC.OO.: Reunirémonos para dar pronunciamento.
- PRESIDENTE C.C.: Piden relación de afectados.

#### **PUNTO QUINTO.- REVISIÓN PRESENZAS SÁBADOS MAÑÁ VIGO**

- XERENCIA: Queremos aclarar cambios previstos
- D.XESTIÓN: Os condutores saen igual en Bolivia e Coia e o número de saídas é de 3 de media. Queremos baixar a unha presenza, deixando un en cada cabeceira.  
PSX, agora están 2 en 2, mellor en Bolivia porque en Coia está un arriba e un abaixo.
- UXT: Respecto dos calendarios queremos que vaian asinados e selados.
- D.XESTIÓN: Escanemos a firma e enviámoslos por correo electrónico

----- X -----

- SATSE: Queremos coñecer o grao de cumprimento do acordo marco. Pedimos informe de como queda
- XERENTE: De acordo.

Remata a reunión as doce horas e vinte minutos do día sinalado.